




MONTES DO INVERNADOIRO

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2024



Distancia: km (ida e volta)

Dificultade:



No sur do Macizo Central, por debaixo de Cabeza de Manzaneda, no concello de Vilariño de Conso, atópase o Parque Natural do Invernadoiro. Un espazo, que se estende 5.722 ha ao longo das cuncas dos ríos Ribeira Grande e Ribeira Pequena, adquirido pola Xunta o ano 1986, ao mercar unha finca privada dedicada a produción forestal, para a elaboración de pasta e papel, que arrasara un incendio uns anos antes.

Na actualidade grande parte do terreo está cuberto por mato de uces e xestas, entre as que medran capudres, bidueiros e acivros; manchas de piñeiros que se libraron do lume; bosques de ribeira ao pé das correntes de auga e, noutros lugares menos accesibles, espazos con moi bos exemplares de especies autóctonas, entre os que se atopan carballos e acivros centenarios, (na área da Reserva Integral, á que só se pode acceder para realizar labores de conservación e con fins científicos -para o que se precisa dunha autorización especial- consérvanse os que, posiblemente, sexan os bosques máis antigos de Galiza con carballos, de máis de 500 anos, acompañados de acivros, carbas, pradairos, bidueiros, capudres, salgueiros...). Estas particularidades sumadas á súa localización, no Macizo Central ourensán coas súas peculiaridades climáticas e xeolóxicas, afastada e lonxe de poboacións e vías de comunicación, fan do lugar un punto de grande interese natural (xeolóxico, paisaxístico, botánico e faunístico) e ecolóxico (é unha zona de transición onde se atopan comunidades vexetais atlánticas e mediterráneas) polo que está integrado ademais dentro da zona especial de conservación (ZEC) do Macizo Central da rede Natura 2000.



Ribeira Pequena

Vista do Parque desde a entrada. A Ribeira Pequena, entre os lombos do Lameiro e o Monte do Invernadeiro, e, ao fondo, a Serra da Pena.



PERCORRIDO

Calquera data é boa para facerlle unha visita e percorrer algunha das rutas sinalizadas, de distinta lonxitude e grao de dificultade, pero a primavera -cando esperta a natureza e estrea os verdes e as flores- ou o outono -cando as árbores ofrecen cada unha a súa cor, ou, ao perderen as follas, amosan o seu traxe de carrizos e brións-, son datas especiais.

Para poder visitalo temos que ter en conta que o acceso está limitado polo que é necesario solicitar previamente un permiso, ao Servizo de Conservación da Natureza de Ourense, que se pode recibir por correo electrónico, para logo irmos a Campobeceros (Castrelo do Val) -a onde podemos chegar desde Verín (uns 25 km), desde as Vendas da Barreira por Sanguñedo (uns 20 km), ou desde Laza (uns 15 km polo camiño de Santiago Seabrés)- de onde sae a pista pola que temos uns 10 km até as casas da Ribeira Pequena. O parque conta con paneis informativos das rutas e zonas valadas nas que viven en semiliberdade cervos, gamos, cabras feras,...



Cabra fera, reintroducida no parque, pódese ver ao lonxe coroando as zonas máis escarpadas.



Rebentabois (*Amanita muscaria*)



Bosque no outono, ao pé da Ribeira Pequena



Vista do circo glaciar de Guasenza, coa fervenza de Arcos, no Figueiro, na zona da Reserva Integral.



A Ribeira Grande . Reboleira.



Landras de rebolo



Bidueiros



Froitos de acivro



Sedum



Lobaria pulmonaria. Un lique facilmente recoñecíbel polo seu gran tamaño que se atopa sobre os toros das árbores. As manchas vermellas son os corpos reprodutores.